

RESOLUCIÓN DE ARCHIVO EXP. RA 8/2008. TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA.

Pleno

Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente
D. Fernando Varela Carid, Vogal
D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, 27 de maio de 2008.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC), coa composición indicada máis arriba e sendo Relator D. José Antonio Varela González, presidente do TGDC, ditou a seguinte resolución no Expediente RA 8/2008. Transporte de mercadorías por estrada (Expediente 10/2008, do Servizo Galego de Defensa da Competencia, en diante SGDC) tras examinar a proposta de non incoación do expediente, da denuncia presentada por D. L. V. L., en nome e representación de Asistencia y Reglaje Noche y Día, S.L., contra a Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia.

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Con data 17 de abril de 2008 tivo entrada no SGDC un escrito do TGDC xunto ao que se remitía unha denuncia presentada no mesmo por don L. V. L., en nome e representación de Asistencia y Reglaje Noche y Día, S.L., de Vigo, contra a Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia, por presuntas prácticas restritivas da competencia.

2.- Tal e como resume o SGDC, os feitos denunciados refírense á denegación, por parte da Dirección Xeral de Transportes, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, da Xunta de Galicia, do recoñecemento da capacitación profesional para o exercicio da actividade de transporte de mercadorías por estrada, en base ao incumprimento de determinados requisitos esixidos pola normativa aplicable.

Cómpre sinalar que o denunciante non alega a comisión de ningunha das condutas prohibidas pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, limitándose a reproducir un informe elaborado para o TGDC,

carente de carácter normativo, e solicitar a condena da Xunta de Galicia polos feitos denunciados, así como que se lle recoñeza de oficio capacitación profesional para o transporte de mercadorías.

3.- Á vista dos termos da denuncia, o SGDC remite ao TGDC, en aplicación do artigo 49.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, a proposta de non incoar expediente sancionador, co correspondente arquivo das actuacións, xa que non se aprecian indicios de infracción da citada lei.

4.- Este Tribunal deliberou e pronunciouse sobre este asunto na súa reunión do 16 de maio de 2008.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A Lei 15/2007 de Defensa da Competencia establece no artigo 49.3 que o Consello da Comisión Nacional de Competencia poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización de condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 LDC, e o arquivo de actuacións cando considere que non hai indicios de infracción da Lei. En virtude da Disposición Adicional Oitava da mesma Lei 15/2007, esta facultade está atribuída tamén aos órganos de resolución das Comunidades Autónomas con competencia na materia, no caso de Galicia, este Tribunal.

SEGUNDO.- A cuestión que, entón, debe resolver o TGDC é se acepta a proposta do SGDC de non incoar procedemento neste expediente e proceder ao arquivo das actuacións ou, pola contra, ordenar a incoación dun procedemento por considerar que existen indicios de prácticas contrarias á LDC, a partir da denuncia presentada ou da información achegada polo Servizo.

TERCEIRO.- O SGDC propón a non incoación do expediente alegando que a Dirección Xeral de Transportes, da Xunta de Galicia, non actúa como operador económico. Respecto desta cuestión, no seu Fundamento Xurídico 7º da súa Resolución do 20 de febreiro de 2008, ditada no Expte. S-2/2007 (Autobuses de Ourense), o TGDC sinala o seguinte:

“Neste punto é relevante considerar a posición do Tribunal de Defensa da Competencia (TDC) nas resolucións que tiveron que examinar actos das Administracións Públicas e, en particular, no ámbito do transporte. Na Resolución do expediente 419/97, Cruz Roja de Fuengirola, no seu Fundamento de Dereito Terceiro, o TDC sinala que cando unha autoridade local actúa como regulador, a revisión de se a súa actuación se axustou a dereito

ou non “es una cuestión ajena a la actividad de este Tribunal, que no está llamado a revisar la actividad reguladora de las Administraciones Públicas”. Esta posición mantense na Resolución 363/99 (CSI-D. G. Aviación Civil) que, no Fundamento de Dereito Primeiro, sinala: “la revisión de la adecuación de los actos administrativos a las Leyes en que se fundamentan corresponde a la Jurisdicción Contenciosa-Administrativa”. Máis recentemente, no expediente 695/06 (Transportes Tenerife), o TDC confirmou a liña argumental antedita, indicando: “las actuaciones municipales relacionadas con la ordenación del transporte urbano se encuentran dentro del campo del Derecho Administrativo y en ellas el Ayuntamiento no actúa como operador económico, sino en el ejercicio de sus potestades legales. En tales casos, la LDC no atribuye a los órganos resolutorios de defensa de la competencia capacidad para fiscalizar las disposiciones reglamentarias dictadas por los órganos de las Administraciones públicas en el ejercicio de sus atribuciones legales, ni para dictar resoluciones ejecutivas o declarativas en relación con su validez o eficacia, correspondiendo esas facultades de forma exclusiva a los órganos jurisdiccionales, conforme resulta de lo dispuesto por el artículo primero de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa”.

Pola súa banda, no Fundamento de Dereito Segundo da STS 1348/2006, dise: *“La actividad reguladora de los poderes públicos, en su aspecto normativo o en cuanto gestor de las políticas públicas o relativa a la vigilancia de la actividad de los administrados queda excluida de la normativa sobre concurrencia desleal”.*

CUARTO.- Polo exposto este Tribunal considera axeitada a proposta do SGDC de non incoar expediente sancionar, co correspondente arquivo de actuacións.

Vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, este Tribunal

RESOLVE

ÚNICO.- Admitir a proposta do SGDC de non incoar expediente sancionador polas condutas denunciadas por D. L. V. L., en nome e representación de Asistencia y Reglaje Noche y Día, S.L. contra a Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia, co correspondente arquivo de actuacións, por non se apreciaren indicios de conduta prohibida pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Comuníquese esta Resolución ao SGDC e notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra a mesma non cabe recurso algún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir da data de notificación desta Resolución.